



O trazo máis rechamante das lampreas é o seu disco oral repleto de dentes, que lles serve para adherirse aos peixes que parasita, creando un baleiro a modo de ventosa

# Vampiros acuáticos

As lampreas inician a viaxe de retorno ao río para reproducirse e logo morrer

Despois do solsticio de inverno, conforme os días van a máis e minguan as noites, as lampreas de mar inician o camiño de retorno ao río, en busca dun lugar apropiado para reproducirse e logo morrer. As lampreas fan toda a viaxe en xaxún, pois o seu aparello dixestivo vai atrofiado de forma irreversible, tal e como estaba programado nos seus xenos.

Ao longo do traxecto haberán de sortear incontables obstáculos derivados do deterioro dos seus hábitats, sobre todo, a contaminación e os encoros que carecen de escalas apropiadas para o paso dos peixes.

Tamén a pesca artesanal supón un problema para as lampreas, xa que as capturan cando aínda non tiveron tempo para desovar, co que se interrompe o seu ciclo reprodutivo natural.

## Rañña da Galicia dos mil ríos

Son xa demasiados anos, e as poboacións de *Petromyzon marinus* —que é o seu nome científico— resentíronse ata o extremo de que, exceptuando os leitos do Miño e o Ulla, a presenza da outrora «rañña da Galicia dos mil ríos» é pouco

menos que testemuñal, non só nas augas continentais galegas, senón en toda a península Ibérica.

A lamprea foi moi apreciada gastronómicamente desde antigo en todo o ámbito da cristiandade. A súa pesca comeza no principio do ano e finaliza alá por abril, que é cando se di que está cucada —xa se oíu o canto do cuco—. Entón xa pasaría demasiado tempo sen alimento, e o seu corpo mostrará o esgotamento derivado do esforzo migratorio e reprodutivo, coa consecuente perda de calidade.

## Antiga liñaxe

Hoxe sábese que as lampreas pertencen a unha liñaxe antiga, que se diferenciou dos demais vertebrados hai máis de 350 millóns de anos. Por iso é polo que se parecen pouco aos peixes actuais: non teñen escamas, nin aletas pares, o seu esqueleto é de tecido conxuntivo, e carecen de mandíbulas.

O trazo máis rechamante das lampreas adultas é o seu disco oral repleto de dentes e que lles serve para adherirse aos peixes que parasita. Grazas aos músculos da boca, succiona e crea un baleiro a modo de ventosa. Pode seguir respirando,

xa que illa a boca da cámara branquial, de forma que a auga que achega o osíxeno entra polo orificio nasal e sae polos sete pares de aberturas branquiais.

Para alimentarse raspa a pel e a carne do peixe que parasita, á vez que libera sustancias que preveñen a coagulación do sangue da presa.

A femia pon entre 100.000 e 200.000 ovos, e morre pouco despois. Cando estes eclosionan dan lugar a unha larva *ammocete*, algo así como un verme cego, tan diferente dos adultos que ata 1856 críase que se trataba de especies distintas.

Os *ammocetes* abandonan o niño e buscan fondos lamacentos nos que se enterrarán para levar unha discreta vida durante varios anos, alimentándose por filtración de restos orgánicos e algas. Cando alcanzan uns dez centímetros de lonxitude, sofren unha metamorfose que lles proporcionará o aspecto adulto da lamprea e deixan o río para penetrarse no mar, iniciando entón a súa vida parasita.

> Antonio P. Cribeiro

cribeiro@casaciencias.org



## ¿Fósiles viventes?

A miúdo chamamos así a aquelas especies que se parecen moito aos seus primeiros antecesoros, como o celacanto, o cangrexo das Molucas... ou a lamprea. Pero en realidade trátase dunha licenza literaria, xa que non existen fósiles vivos. Ademais, estas especies son moito máis recentes do que se pensa. A explicación reside en que se trata de grupos con escasa variedade de especies, e ao térense diversificado tan pouco as modernas especies son morfoloxicamente moi parecidas ás antigas.



Pesca da lamprea con viturón en augas de Pontecesures

## ¿Onde podo ver lampreas?

A partir de febreiro, no Aquarium Finisterrae poderedes ver o maior tanque dedicado en exclusiva a estes «vampiros acuáticos», con varias decenas de exemplares nunha contorna inspirada no seu hábitat natural.

## Deuses ou demos

En condicións naturais, as relacións depredador-presa tenden a alcanzar un equilibrio dinámico, o que neste caso poderíamos definir como un «parasitismo prudente». A modo de exemplo, aínda que as poboacións de salmón da costa oeste de Canadá sofren todos os anos un 10% de baixas causadas polas lampreas, a proporción mantense estable. Pero cando se altera de forma artificial un ecosistema, os efectos poden ser devastadores.

A principios do século pasado as lampreas invadiron, un tras outro, os grandes lagos norteamericanos. Aproveitaron a construción da canle Welland para coarse nun auténtico paraíso: enormes masas de auga rebordantes de tróitas e salmóns, e con zonas de lodo excelentes para repro-

ducirse. As consecuencias foron nefastas. En poucos anos, as poboacións piscícolas víronse ao bordo da extinción e produciuse unha gran perda de biodiversidade derivada das profundas alteracións na rede trófica. Tras un intenso programa de control, desenvolveuse un veneno específico para as larvas, aínda que tamén tiña certos efectos nos xuvenís doutros peixes.

Pero o realmente curioso é que, preto de alí, no lago Cayuga de Nova York, conviven lampreas coas mesmas especies de peixes, logo de coadaptárense de modo natural para sobrevivir ambos. Dándolle o tempo necesario, presumiblemente isto mesmo é o que ocorrería nos Grandes Lagos, alcanzarían un equilibrio dinámico.



As lampreas, tan escasas en Galicia, conviven en lagos como o Cayuga, en Nova York, con moi diferentes especies de peixes